GONZALEZ REGUEIRA, DIEGO (1 para 3)
Terceiro
Data de Sinatura: 06/11/2026
HASH: b25a0ae6ba33f5f3118c5aabd8fc904f0

ANÍBAL PEREIRA NOVOA (2 para 3)
PRESIDENTE
Data de Sinatura: 06/11/2026
HASH: bd42add57ab80b7573712f8af2dbeeb8

SILVIA ALONSO FERNANDEZ (3 para 3)
Secretaria C.M.D
Data de Sinatura: 06/11/2026
HASH: 7d20ee0db5f3e15848df0eb8ef5bc7dd

**EXP.: 839/2026**

# CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSELLO MUNICIPAL DE DEPORTES DE OURENSE E O CLUB OURENSE BALONCESTO SAD.

O presente convenio formalízase coa consideración de documento administrativo público aos efectos do previsto no artigo 26 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sendo asinado polas partes mediante firma electrónica ao amparo do previsto no artigo 10 do mesmo texto legal.

## INTERVEÑEN

Dunha parte, don Aníbal Pereira Novoa con DNI: ***7755**, que actúa en nome e representación do Consello Municipal de Deportes de Ourense, (en diante CMD), con domicilio en R/ Pardo de Cela núm. 2 de Ourense e NIF: P-8260001-F, actuando como Presidente do CMD en virtude da delegación efectuada por decreto da Alcaldía do Concello de Ourense núm. 2026006080 do 01.06.2026, en exercicio das atribucións que lle confire o artigo 13 dos Estatutos del CMD.

Doutra parte, don Diego González Regueira, con DNI núm. ***8404**, como presidente do Consello de Administración do Club Ourense Baloncesto SAD, con CIF núm. A32159287, e domicilio no Pazo de Deportes Paco Paz de Ourense no nome e representación do mesmo.

A Secretaria do Consello Municipal de Deportes dona Silvia Alonso Fernández, quen fai constar, dado que non existe unidade de acto ao realizarse a firma do documento por medios electrónicos, que a función de fe pública prevista no artigo 3.2.i) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o Réxime Xurídico dos Funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional, en relación co disposto no apartado d) da Disposición Adicional oitava da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, limítase a comprobar a identidade dos intervenientes a través da documentación que forma parte do expediente, así como a verificar a validez das firmas electrónicas incorporadas ao presente documento, que os certificados dos asinantes non foron revogados e que non houbo modificacións no documento.

Ámbalas dúas partes, interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas, recoñecéndose mutua e respectivamente competencia e capacidade suficiente para formalizar o presente convenio de colaboración deportiva.

## E X P O Ñ E N

1. Os Estatutos do CMD establece entre os seus obxectivos ó fomento do deporte, e así entre as súas competencias encóntranse o fomento do deporte de base e tratar de facilitar ós cidadáns a posibilidade de realizalo, promocionando todas aquelas iniciativas e

CONVENIO
Número: 2026-0049 Data: 06/11/2026

Cod. Validación: 9ZF2522Y7KDNTC2FGKJP5FXLP
Corrección: https://deportesourense.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 6

actuacións que redunden nun mellor desenvolvemento dá actividade entre os cidadáns de Ourense.

2. As Sociedades Anónimas Deportivas son entidades creadas a través da Lei 10/1990, de 15 de outubro, para a participación dos clubs ou os seus equipos profesionais en competicións deportivas de carácter profesional e no seu caso o desenvolvemento de actividades de promoción ou formación deportiva, estando sometidas ó réxime xeral das sociedades anónimas.

3. As sociedades anónimas deportivas galegas pola súa transcendencia social cumpren un importante papel de formación educativa entre os mozos nos respectivos deportes nos que veñen desenvolvendo a súa actividade. Representa a plasmación da posibilidade dun vieiro no seu entorno próximo para a formación integral dos mozo popularizando a práctica deportiva no noso concello. Contan con estruturas e escolas que poden ser consideradas como núcleos de tecnificación, tanto polo número semanal de sesións de adestramento como pola categoría técnica dos adestradores que posibilitan que os mozos ourensáns poidan ter unha formación especializada que lles permita acceder ó alto nivel.

4. Actualmente a Sociedade Anónima Deportiva Club Ourense Baloncesto é a organización mais importante do espectáculo baloncestístico en Ourense, sendo ademais a referencia histórica e social mais subliñada deste deporte na cidade, servindo de divulgación do deporte entre a xuventude e o nome de Ourense fora do ámbito deportivo provincial e autonómico, tanto en medios de comunicación coma en presenza deportiva.

5. A Sociedade Anónima Deportiva Club Ourense Baloncesto, adscrita á Federación Deportiva Galega de Baloncesto, está habilitada para a sinatura de convenios de cooperación coas administracións para o desenvolvemento de actividades deportivas de formación coincidentes cos obxectivos do Consello e figura no Rexistro de Asociacións Deportivas e Deportistas de Galicia co núm. 29 e co núm. 1 no Rexistro de Clubs e Asociacións Deportivas do Concello de Ourense.

6. Previa á sinatura do presente convenio a Sociedade Anónima Deportiva Club Ourense Baloncesto, presentou Consello os anexos I,II e III das bases reguladoras das subvencións aprobadas para o ano 2026, na que declara responsablemente tanto outras subvencións solicitadas como o cumprir coa normativa para poder ser beneficiario de axudas públicas, así como o proxecto da tempada para a que solicita dita axuda.

E considerándose ambas partes con capacidade suficiente para obrigarse,

**ACORDAN**

**Primeiro.-**

É obxecto do presente convenio establecer as bases de colaboración entre o Consello Municipal de Deportes e a Sociedade Anónima Deportiva Club Ourense Baloncesto para a promoción, divulgación e formación do deporte do Baloncesto, sobre todo entre os mocidade da cidade.

CONVENIO
Número: 2026-0049 Data: 06/11/2026
Cod. Validación: 9ZF2522Y7KDNTC2FGKJP5FXLP
Corrección: https://deportesourense.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 6

**Segundo.-**

Para tal fin o CMD outorga unha axuda económica ó Club Ourense Baloncesto SAD por un importe de cento cincuenta mil euros (150.000,00 €) para a tempada 2025-2026, con cargo á aplicación 3410 480.15 do orzamento do organismo autónomo para 2.026. Son obxecto de subvención os gastos de funcionamento da entidade deportiva durante a tempada 2025-2026. O orzamento de gastos presentado pola entidade para a obtención da subvención ascende a un total de 1.204.000,00 €.
De conformidade co previsto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, toda a información sobre a concesión da subvención será rexistrada na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

**Terceiro.-**

A SAD Club Ourense Baloncesto comprométese, e xa o realizou nesta tempada obxecto de subvención, o seguinte:

- Crear e manter escolas deportivas nas diferentes categorías base de Baloncesto en idade escolar así como categorías inferiores con deportistas preferentemente da localidade durante a tempada 2025-2026.
- Organizar e participar actividades deportivas que garantan a formación e especialización dos mozos deportistas.
- Participar nas charlas, coloquios e demais actividades deportivas ou sociais a requirimento do CMD.
- Entregar entradas para a asistencia ós partidos do primeiro equipo ata un máximo de 200, a solicitude do Consello para o seu reparto entre os centros escolares da cidade.
- Coidar e vixiar en todo momento o fomento da práctica deportiva, controlando actitudes que atenten contra o xogo limpo a violencia no deporte, actividades intolerantes, xenófobas, sexistas, etc., tanto dos deportistas, corpo técnico e persoal directivo da entidade. Participarán, tamén, no desenvolvemento de campañas que loiten contra este tipo de actitudes.
- Achegarse aos centros educativos da cidade para tentar de inculcar valores deportivos e sociais na mocidade ourensá a través de charlas técnicas relacionadas co deporte e a saúde.
- Colaborar co Concello de Ourense na divulgación da cidade, participando na promoción de campañas, actividades, produtos, servizos, e condutas relacionadas coa vida ourensán, por medio de slogans, pancartas, camisetas ou medios publicitarios que se propoñan e sempre que sexa requirido para tal fin.
- Participar en diferentes actos solidarios.
- Promocionar e divulgar todos aqueles eventos deportivos ou sociais que poidan ser importantes para o desenrolo da nosa cidade e/ou provincia ou de algunha actividade que supoña un ben para calquera organización solidaria.

**Cuarto.-**

As axudas contempladas neste convenio son compatibles con outras que poidan acadar o beneficiario, sempre que a suma de todas elas non supere o 100% do custe total da

CONVENIO
Número: 2026-0049 Data: 06/11/2026
Cod. Validación: 9ZF2522Y7KDNTC2FGKJP5FXLP
Corrección: https://deportesourense.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 6

actividade. Nos supostos nos que da conta xustificativa se deduza que a actividade obtivo subvencións por importe superior ó 100% do seu custo, reducirase proporcionalmente a axuda concedida na contía necesaria.

**Quinto.-**

**Antes do 18 de decembro de 2026** a entidade beneficiaria deberá xustificar, achegando a correspondente documentación a través da sede electrónica do Consello Municipal de Deportes, o cumprimento da finalidade do evento subvencionado. O incumprimento deste prazo dará lugar á perda do dereito para percibir a axuda outorgada e posibilitará a incoación dun expediente de reintegro da cantidade percibida. A rendición polo beneficiario da subvención da pertinente conta xustificativa, deberá constar de:

1. Instancia subscrita polo Presidente da entidade dirixida ao Sr. Presidente do Consello Municipal de Deporte pola que se solicite o pagamento da subvención concedida segundo o modelo normalizado que facilite o CMD (anexo VI) .
2. Memoria detallada das actividades desenvolvidas dentro do obxecto do presente convenio.
3. Certificado acreditativo de estar ó corrente nas súas obrigas tributarias coa facenda estatal e autonómica e coa Seguridade Social.
4. Contas oficiais aprobadas polo órgano competente segundo os estatutos da tempada obxecto de subvención ou da anualidade anterior. As contas deberán conter como mínimo a conta de perdas e ganancias, o balance de situación, o diario de operacións e a memoria.
5. Presentación da liquidación económica da actividade subvencionada, asinada pola Presidencia e pola Secretaría do club, onde se detallen os ingresos obtidos, públicos e privados, así como o detalle dos gastos totais. Empregarase o modelo normalizado anexo IV (liquidación orzamento). No suposto de que o gasto final executado sexa inferior ó recollido na solicitude da subvención esta minorarase proporcionalmente na contía correspondente.
6. Relación numerada dos documentos xustificativos de cada un dos gastos realizados con motivo da actividade subvencionada, que coincidirá co total de gastos da liquidación do orzamento indicado no Anexo IV, con expresión mínima da data, provedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pago, asinada polo secretario da entidade e co visto bo do presidente (modelo normalizado facilitado polo CMD Anexo VII) e facendo constar cales deles son aplicados á xustificación da subvención concedida polo CMD, sendo estes relacionados correlativamente en primeiro lugar do anexo, totalizándose ao final da súa enumeración, e cales serviron para xustificar en axudas outorgadas por outras entidades públicas.
7. Facturas ou outros documentos de valor probatorio equivalente, con validez no tráfico xurídico mercantil, administrativo ou laboral, por importe mínimo equivalente á cantidade subvencionada e con acreditación de estar pagadas. A acreditación do pagamento dos gastos farase conforme ó previsto na base 13ª das bases reguladoras de subvencións en materia deportiva do Consello Municipal de Deportes publicadas no BOP de Ourense núm. 122 do 27.06.2025.

CONVENIO
Número: 2026-0049 Data: 06/11/2026
Cod. Validación: 9ZF2522Y7KDNTC2FGKJP5FXLP
Corrección: https://deportesourense.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 6

As deficiencias non susceptibles de emenda que se observen na conta xustificativa que presente o beneficiario, darán lugar o reintegro das entregas a conta realizadas e a exixencia do interese de demora correspondente dende o momento do pago da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro.

A falta de xustificación ou a xustificación insuficiente, producirá a perda total ou parcial do dereito a percibir do importe da subvención, sen prexuízo da facultade de instar ó procedemento de reintegro de pagos, que resulten pertinente en función das entregas a conta efectuadas.

**Sexto.-**

O **pagamento** da axuda concedida efectuarase logo da aprobación da conta xustificativa polo Consello Reitor do Consello Municipal de Deportes.

Con carácter previo á xustificación da aplicación da axuda económica outorgada e sempre que as necesidades de tesourería do club así o xustifiquen, poderán efectuarse **entregas a conta** de acordo coas seguintes regras :

- En concepto de pagamento anticipado, ata un máximo do 50 % do importe subvencionado, previa petición do interesado, e atendendo as dispoñibilidades líquidas do Consello Municipal de Deportes.

**Sétimo.-**

O importe da axuda quedará afectado ao aseguramento das obrigas da entidade beneficiaria co Consello Municipal de Deportes e mais co Concello de Ourense. A estes efectos a Administración do Consello Municipal de Deportes, procederá a reter e compensar a cantidade suficiente con cargo a dita axuda. A tal efecto aplicarase o mecanismo de compensación de débedas coa facenda pública por ingresos de dereito público previsto no artigo 58 do Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de Recadación.

**Oitavo.-**

O Consello Municipal de Deportes non realizará ningún pagamento da subvención en tanto o beneficiario non se atope o corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non teña pendentes de pagamento ningunha outra débeda co Consello Municipal de Deportes ou Concello de Ourense.

**Noveno.-**

A entidade comprométese a facer constar en toda a publicidade xerada polo programa de actividades que se recibe axuda do Consello Municipal de Deportes, utilizando para iso a normativa da imaxe corporativa do Consello Municipal de Deportes e do Concello de Ourense que estará presente de forma destacada nos soportes publicitarios do COB no Pazo dos Deportes Paco Paz (sala de prensa, pavillón de xogos e outros), así como nas

CONVENIO
Número: 2026-0049 Data: 06/11/2026
Cod. Validación: 9ZF2522Y7KDNTC2FGKJP5FXLP
Corrección: https://deportesourense.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 6

redes sociais. Así mesmo nos soportes publicitarios situados a pé da pista de xogo deberán figurar os logotipos oficiais tanto do Consello Municipal de Deportes como do Concello de Ourense.

Facer explícito o patrocinio ou colaboración do CMD e do Concello de Ourense de forma destacada, en cantas accións de comunicación pública e soportes informativos se realicen (carteis, trípticos, cuñas de publicidade, camisetas…). O Consello poderá requirir, en calquera momento anterior ao libramento da subvención, canta documentación considere necesaria para comprobar a súa realización.

Achegar constancia gráfica en formato dixital da actividade.

Facilitar toda a información que lle sexa requirida polo CMD, pola Intervención Xeral Municipal, Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, Tribunal de Contas e o Consello de Contas no exercicio das súas funcións de comprobación, fiscalización e control do destino das subvencións.

**Décimo.-**

A vixencia do presente convenio estenderase ata o 31 de decembro de 2026, salvo previa denuncia de calquera das partes. O incumprimento de calquera das cláusulas deste convenio será causa bastante para a súa denuncia, sen prexuízo de que o seu cumprimento fiel e puntual poida ser demandado diante da xurisdición contencioso-administrativa

**Undécimo.-**

En todo o non previsto no presente convenio estarase ó disposto na Lei 9/2007 de 13 de Xuño de subvencións de Galicia, o Decreto 11/2009 de 8 de Xaneiro do Regulamento de subvencións e a ordenanza xeral de subvención do Concello de Ourense e demais normativa de desenvolvemento.

**Duodécimo.-**

O presente convenio é de natureza administrativa e consecuentemente, as cuestións litixiosas que xurdan na súa aplicación, interpretación e cumprimento serán competencia da xurisdición contenciosa-administrativa.

E en proba da súa conformidade con todo canto antecede, asínase o presente convenio por ámbalas dúas partes coa súa sinatura electrónica.

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

CONVENIO
Número: 2026-0049 Data: 06/11/2026
Cod. Validación: 9ZF2522Y7KDNTC2FGKJP5FXLP
Corrección: https://deportesourense.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 6